

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do antedito corpo da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril).

Advertidos erros materiais na publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso ao corpo de mestres, e corrixidos estes, procédese á súa publicación.

En consecuencia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro. Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es>, o día 21 de xullo de 2011, as puntuacións definitivas do baremo establecido na Orde do 8 de abril de 2011 das especialidades convocadas para o corpo de mestres.

Segundo. Contra estas puntuacións poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2011.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos